




# a ctividades

a)


\* Preparar un círculo de 12 cores a partir das 3 primarias, magenta, cian e amarela.



\* Neste exercicio só podes empregar as tres cores primarias. Acada o resto a partir das súas mixturas. Non se pode empregar nin branco nin negro e lembra que cada vez só podes mixturar **dúas** das cores primarias.

74

\* Se tes dúbidas sobre esta técnica consulta a U.D. nº 12.



\* Debuxa en dúas cartulinas iguais un círculo formado por pezas como as da ilustración (A). A continuación reserva unha das cartulinas poñéndoa nun lugar seguro onde non poda mancharse e recorta as doce pezas da outra.

Con tempera pinta as pezas unha a unha comezando polas tres cores primarias e procurando logo as súas mixturas dúas a dúas. Cando completes as doce pezas espera a que sequen e pégaas logo cada unha no seu lugar na cartulina que teñas gardada. Podes deixar un espazo para por o teu nome e os datos do teu curso.

## MATERIAS

- \* Unha cartulina para dividir en dúas
- \* Temperas: magenta, cian e amarela
- \* Pincel de palo curto nº 10
- \* Tesoiras ou cutter
- \* Pegamento en tubo ou en barra
- \* Regra e lapis

MÁSCARA. Teatro da ópera. Pekín.



\* A cor sempre fascinou o home. Dende a antigüidade empregouse como elemento máxico-simbólico para decorar obxectos de uso común e de culto. Para expresar certas actitudes pintábase o propio corpo.



71

ILUSTRACIÓN FEITA CON AERÓGRAFO.



CLAUDE MONET. "Nenúfares" Harmonía en verde.

\* Cando nunha composición harmónica empregamos unha **cor complementaria** á gama tonal dominante, ésta chama a atención do ollo rapidamente. Neste caso, o tono xeral (*gama de azuis*) potencia o complementario (*laranja*), mellorando notablemente a percepción de ambas as dúas.

\* Nas relacións cromáticas se integran cores procedentes de gamas de cor distintas. Pode crearse un ritmo entre eles que fai que a percepción do conxunto pareza unha soa gama tonal. Pode incluír nunha harmonía de cor algunhas que non procedan da mesma gama porque se teñen elementos comúns poden integrarse visualmente.